



## Campamentos de verán do Concello de Castro de Rei

O Concello de Castro de Rei **abre o prazo de inscrición** para participar nos **Campamentos Urbanos de Conciliación 2023** dirixido a nenas e nenos de **3 a 14 anos**.

Contaremos con **tres quendas de campamento**, do **1 ao 15 de xullo**, **16 ao 30 de xullo** e do **16 ao 31 de agosto**. O horario será de 09:30 a 14:00 horas, e contaremos con servizo de madrugadores dende as 8:30.

Realizaremos grupos en **Castro de Rei** e Castro **Ribeiras do Lea** nas instalacións municipais, en concreto no **Centro Sociocultural Xosé Manuel Carballo de Castro de Rei** e no **Pavillón Deportivo Municipal de Castro Ribeiras de Lea**.

O día da realización da excursión, o horario de inicio será o habitual e o de saída será as **19:00 no Pavillón Deportivo Municipal de Castro Ribeiras de Lea** e as **19:20 diante do CEIP Ramón Falcón de Castro de Rei**.

O programa de actividades será variado realizando actividades medioambientais, obradoiros, deporte, predeporte, animación, xogos alternativos, excursións ao AquaPark...

Para realizar a inscrición é necesario descargar o formulario web da páxina do Concello de Castro de Rei [www.castroderei.gal](http://www.castroderei.gal) e entregalo por rexistro do Concello de Castro de Rei ou ben polos medios previstos no art. 16.1 da LPA.

Xunto coa folla de inscrición haberá que entregar cuberta unha orde de domiciliación para o pago do mesmo.

**O prazo de inscrición remata o vindeiro mércores 7 de xuño.**

Saudos cordiais